



ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
XGL/2020/11	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	16 de marzo de 2020
Duración	Desde as 12:30 ata as 12:40 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario accidental	ALFONSO JAIME LAGE PÉREZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***0424**	AURORA PRIETO GAGO	SÍ
***7616**	EUGENIO GONZALEZ FERNANDEZ	NON
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
****0228*	INGRID MIHAELA LOREDANA OPREA	NON
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	NON
***3018**	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
***4161**	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
***2819**	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA





Concello de Cangas

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 9 de marzo de 2020

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o borrador da acta da Xunta de Goberno Local realizada o día 9 de marzo de 2020.

Expediente 7131/2019. Proposta da alcaldía para aprobación do plan de ocupación de servizos de tempada coa instalación de quioscos de verán-2020

Favorable

Tipo de votación: Nominal

A favor: 4, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

A favor

AURORA PRIETO GAGO
HUGO FANDIÑO ALBERTE
SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI
XOSE MANUEL PAZOS VARELA

En contra

Abstencións

MARIANO ABALO COSTA

Ausentes

Vista a proposta de data 12.03.2020 da alcaldía, referente á aprobación do plan de ocupación de servizos de tempada coa instalación de quioscos de verán 2020, que é como segue:

"PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Con rexistro de entrada do 13 de decembro de 2019, recibíuse oficio do xefe do Servizo de Costas de Pontevedra, expresando os criterios de actuación para a elaboración e explotación dos plans de ocupación con servizos de temporada nas praias durante a temporada estival do ano 2020. Así mesmo, a Xefatura Provincial de Costas, insta aos concellos, como en anos anteriores, a constituírse en xestores do programa de autorización de explotacións.

O anuncio remitido polo Servizo Provincial de Costas, no cal se instaba a todos os interesados a presentar solicitudes de autorización para a explotación de servizos de temporada nas praias do noso municipio, foi exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

Con base nas concesións autorizadas polo Servizo Provincial de Costas no ano pasado e xunto coas solicitudes e propostas dos interesados, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO.- Procédase á aprobación do plan de ocupación que se achega coa presente proposta e, en virtude deste, solicítase do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra, as preceptivas autorizacións para a instalación dos servizos relatados.

PLAN DE OCUPACIÓN SERVIZOS DE TEMPADA PRAIAS DE CANGAS 2020

Na data 13 de decembro de 2019, achegouse escrito do Servizo Provincial de Costas de

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AWEXYXE5KNGNHK7993RH2FQGT | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 13



Concello de Cangas

Pontevedra remitindo a circular comprensiva dos criterios a ter en conta na elaboración e explotación de servizos de temporada nas praias do Concello.

Unha vez examinada a mencionada circular, os pedimentos previos realizadas polos interesados e as necesidades en canto a servizos que se presentan cada tempada nas diferentes praias, considérase preciso cubrir os servizos de tempada, no período comprendido entre os días 1 de maio e 30 de setembro de 2020, nas praias que a continuación se indican:

PRIMEIRO.- Procédase á aprobación da autorización para a instalación de quioscos de verán en:

1.- Praia de Rodeira:

- Un quiosco de 6 m² e superficie para terraza de 9 m².*
- Un quiosco de 20 m² e superficie para terraza de 50 m².*

2.- Praia de Areamilla:

- Un quiosco de 12 m² e superficie para terraza de 22,50 m².*

3.- Praia de Nerga:

- Un quiosco de 20 m² e superficie para terraza de 50 m².*

4.- Praia de Melide:

- Un quiosco de 20 m² e superficie para terraza de 30 m².*

5.- Praia de Vilariño:

- Un quiosco de 12,5 m² e superficie para terraza de 15 m².*
- Un quiosco de 12 m² e superficie para terraza de 15 m².*
- Un quiosco de 8 m² e superficie para terraza de 10 m².*

6.- Praia de Menduíña:

- Un quiosco de 8 m² e superficie para terraza de 30 m².*

7.- Praia de Liméns:

- Un quiosco de 20 m² e superficie para terraza de 40 m².*

8.- Praia da Congorza:

- Un quiosco de 15 m² e superficie para terraza de 30 m².*

9.- Praia da Cunchiña (Paseo do Salgueirón):

Concello de Cangas





Concello de Cangas

- Un quiosco de 20 m2 e superficie para terraza de 50 m2.

10.- Praia de Viñó:

- Unha superficie para terraza de 30 m2.

SEGUNDO.- Procédase á DESESTIMAR do plan de ocupación as seguintes solicitudes para a Praia de Barra, por ser zona protexida e non se autorizan instalacións de tempada na devadita zona:

- M.C.C, enderezo en estrada de Bueu, X, Vilariño-O Hío.

- B.S.C., enderezo en Rúa Preguntoiro, nº X-O Hío.

A situación dos servizos solicitados nas praias indicadas é a que se sinala nos planos anexos".

A Xunta de Goberno Local, por maioría dos seus membros presentes acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 1497/2020. Proposta da alcaldía para aprobación do plan de ocupación de servizos de tempada coa instalación de quioscos de verán en terreos privados-2020

Favorable	Tipo de votación: Nominal A favor: 4, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0	
	A favor	AURORA PRIETO GAGO HUGO FANDIÑO ALBERTE SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI XOSE MANUEL PAZOS VARELA
	En contra	---
	Abstencións	MARIANO ABALO COSTA
	Ausentes	---

Vista a proposta de data 12.03.2020 da alcaldía, referente á aprobación do plan de ocupación de servizos de tempada coa instalación de quioscos de verán en terreos privados - 2020, que é como segue:

"PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDIA

Con rexistro de entrada do 13 de decembro de 2019, recibíuse oficio do Xefe do Servizo de Costas de Pontevedra expresando os criterios de actuación para a elaboración e explotación dos Plans de Ocupación con servizos de temporada nas praias durante a temporada estival do ano 2020. Así mesmo, a Xefatura provincial de Costas, insta aos Concellos, como en anos anteriores, a constituírse en xestores do programa de autorización de explotacións.

O anuncio remitido polo Servizo Provincial de Costas, no cal se instaba a todos os

Concello de Cangas





Concello de Cangas

interesados a presentar solicitudes de autorización para a explotación de servizos de temporada nas praias do noso municipio, foi exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

Visto o Bando da Alcaldía publicado polo Concello, cos requisitos e condicións para a concesión de quioscos en fincas privadas no ámbito do Concello, e as solicitudes presentadas e propostas dos interesados, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Procédase á aprobación da autorización para a instalación de quioscos de verán en terreo privado ás seguintes solicitudes presentadas, de acordo coas condicións e requisitos esixidos no Bando publicado pola Alcaldía, e previo pago nas arcas municipais das taxas da concesión:

<u>Nome e apelidos</u>	<u>DNI</u>	<u>Situación</u>
- P.M.P.C. Camiño da Garita, X, Nerga, Hío	***3234**	praia Areameán (Mixilloeiras-Viñó) Rúa do Coto, X A, Nerga
- M.F.C. Ctra. Bueu, 27, Vilariño, Hío	***3751**	finca en praia de Barra (Nerga)
- M.T.F.G.	***3910**	finca 'O Couñal', Donón, X

A ubicación dos servizos solicitados nas zonas indicadas figura na documentación presentada".

A Xunta de Goberno Local, por maioría dos seus membros presentes acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 1428/2020. Solicitud de sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por A.G.D. na que demanda a colocación de sinal de pasaxe permanente para a propiedade sita en Baixada ao peirao, nº X en Aldán.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 09.03.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"A Xefatura da Policía Local informa con relación á solicitude de A.G.D. que non existe inconveniente en acceder ao solicitado.

Que de ser concedido sería aconsellable se reforce cunha sinalización horizontal amarela continua diante do portal de acceso ao inmovible".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto, en data 09.03.2020, pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada por A.G.D., para sinalización de pasaxe permanente.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AWEXYXE5KNGNHK7993RH2FQGT | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 13



Concello de Cangas

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 1205/2020. Solicitud de reposición de sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por P.S.A. na que demanda a renovación dos espellos sitos no cruzamento da rúa Rodeira con A Pedreira e no cruzamento da rúa A Rúa con rúa A Pedreira.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 09.03.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"A Xefatura da policía local con relación á solicitude de P.S., onde solicita a reposición de tres espellos no cruzamento de catro camiños na Pedreira, infórmase que procede a reposición de dous deles por estar opacos, pero o terceiro, ao parecer dos axentes, non é necesario cambialo debido a que tal e como se pode observar no informe fotográfico ten visibilidade.

Os espellos para repoñer son un no cruzamento de rúa Rodeira coa Pedreira e o outro no cruzamento da rúa A Rúa con rúa A Pedreira".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto, en data 09.03.2020, pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada polo Sr. S.A., para reposición de sinalización vertical.

Expediente 1224/2020. Solicitud de renovación de sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por A.G.R., na que demanda a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 687 na avenida de Vigo, nº X por deterioro.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 09.03.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"...Por parte desta policía non existe inconveniente en autorizar a renovación unha vez comprobado que efectivamente está deteriorado".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada polo Sr. G.R., para renovación de sinal de pasaxe permanente.

Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no departamento de tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e a concesión dun número novo.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AWEXYXE5KNGNHK7993RH2FQGT | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 13



Expediente 1438/2020. Solicitud de renovación de sinalización vertical e expedición de tarxeta de residente

Desfavorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por J.P.G. na que demanda a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 075 en Rúa Estrela, nº X e a expedición dunha tarxeta de residente.

Visto o informe desfavorable emitido ao respecto en data 11.03.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"Que trala comprobación do inmovible para o cal solicitan a renovación da sinalización de pasaxe permanente, os axentes informantes poden comprobar que na actualidade o devandito baixo está a ser utilizado como almacén dun establecemento de venda de froita próximo.

Que debido ás dimensións do acceso á propiedade é inviable que poida ser destinado para a entrada e saída de vehículos, polo que, en tal caso, se debería proceder á baixa definitiva e retirada do pasaxe permanente de vehículos co nº 075.

Que por outra banda con base na expedición para unha tarxeta de residente, dita solicitude require outro tipo de procedemento, no cal debe indicar ser titular dunha propiedade na zona delimitada como uso exclusivo para residentes, así como, os datos do vehículo para autorizar".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe desfavorable emitido ao respecto pola policía local, acorda rexeitar a solicitude realizada pola Sra. P.G. para sinalización de pasaxe permanente e expedición dunha tarxeta de residente.

Expediente 7033/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 7033/2019.- Conceder a P.P.B., titular do DNI nº ***1382**, con enderezo a efectos de notificacións en X, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para demolición de edificación sita en Ourelo, nº X-Darbo (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico S.G.F. visado o 05.12.2019. Deberá formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material das obras ascende cinco mil setecentos euros (5.700,00 €).

Acéptase a cesión para ampliación do viario municipal en 62,45 m2., formalizada en escritura pública de data 9 de marzo de 2020, perante a notaria A.T.C.P., nº do seu protocolo 275 e a fianza por importe de cincocentos trinta e sete euros con vinte e nove céntimos (537,29 €), depositada en Caixa Bank o 22.01.2020, para responder das obras de urbanización.





Expediente 6201/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 6201/2019.- Conceder a M.L.S., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Viacova, nº X -Santa Marta-Darbo, titular do DNI nº **8369**, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para, en solo de núcleo rural regulado pola ordenanza SNUN, construír unha piscina no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico C.J.R. de data outubro de 2019 e as autorizacións de infraestruturas e vías provinciais da Deputación de Pontevedra de data 16.12.2019 e da Axencia Galega de Infraestruturas de data 28.02.2020. Deberá formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material das obras ascende a sete mil cento sesenta e nove euros con trinta e tres céntimos (7.169,33 €).

Expediente 6900/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 6900/2019.- Conceder a “PABLO MENÉNDEZ SLU”, titular do CIF nº ****1682*, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, modificación da licenza de obra nº 23.378, para construción de unha vivenda unifamiliar en Insua-Arneles-O Hío (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto P.M.P. de data decembro de 2019 e a autorización de AESA, obrante no expediente. Condicionada a que antes do inicio das obras deberá presentar proxecto de execución de obras visado e oficio da dirección de obras e execución destas, co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material das obras ascende cento vinte e cinco mil cento oitenta e un euros con corenta céntimos (125.181,40 €).

Acéptase a fianza depositada no Banco Santander de trescentos setenta e tres euros con cincuenta e nove céntimos (373,59 €) para responder das obras de urbanización.

Expediente 731/2020. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 731/2020.- A “NEDGIA GALICIA SA”, titular do CIF nº A-15383284, con domicilio a efectos de notificacións en rúa Lisboa - Edificio Área Central, local 31, H-I-J Polígono As Fontiñas pl. PB, Santiago de Compostela, para en rúa San Francisco, nº 3 (por rúa do Sol) - Cangas (GDE40820010011), autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para canalizar unha acometida de gas de 1,50 metros de lonxitude, de conformidade coa documentación redactada polo enxeñeiro industrial A.C.B.





Concello de Cangas

de data 20 de xaneiro de 2020, coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "NEDGIA GALICIA SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

* Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

* Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanxa.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 1265/2020. Proposta da alcaldía para aprobación de inicio de expediente de contratación do "Servizo de iluminación ornamental para as festas patronais do Cristo e Nadal"

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 12.03.2020 da alcaldía, referente á aprobación de inicio de expediente de contratación do "Servizo de iluminación ornamental para as festas patronais do Cristo e Nadal", que é como segue:

"Vista a memoria xustificativa asinada por A.S.M. en data 9 de marzo de 2020, na cal se recolle a necesidade do servizo de iluminación ornamental para as festas patronais do Cristo e do Nadal, co obxectivo de mellorar a seguridade e iluminación, así como a vistosidade das festas.

Visto o informe asinado por A.S.M. en data 9 de marzo de 2020 de insuficiencia de medios, polo cal a prestación deste servizo só se pode garantir a través da contratación dunha empresa solvente mediante a convocatoria dun procedemento de licitación.

Por todo o que antecede, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AWEXYXE5KNGNHK7993RH2FQGT | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 13



Concello de Cangas

ACORDO

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación do 'Servizo de iluminación ornamental para as festas patronais do Cristo e de Nadal' do Concello de Cangas.

SEGUNDO.- Que por secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

TERCEIRO.- Que polo departamento de contratación se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares.

CUARTO.- Que o interventor emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

QUINTO.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de secretaría ao respecto.

SEXTO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos de intervención, contratación e servizos eléctricos".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 1028/2020. Concesión de axuda económica de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 11.03.2020 do director do Centro Municipal de Benestar Social, referente á concesión de axuda económica de emerxencia social, que é como segue:

"E.G.G., xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra),

En relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de setecentos sesenta e sete euros con oitenta e oito céntimos (767,88 €) a N.M.M., con DNI nº ****4075**.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 5814/2019. Baixa do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

** Dar a baixa a S.O.P., con DNI nº ****1686** e expediente nº 36008/02/002127, no Servizo*

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AWEXYXE5KNGNHK7993RH2FQGT | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 13



Concello de Cangas

de axuda no fogar, por ingreso do usuario en centro sanitario de longa estancia.

Data de efectos da baixa: 28 de febreiro de 2020.

Expediente 5706/2018. Baixa do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* Dar a baixa a A.H.A., con DNI n°***7400** e con expediente n° 36008/01/003299– 62334, no Servizo de axuda no fogar, por falecemento da usuaria.

Data de efectos da baixa: 5 de marzo de 2020.

Expediente 3792/2018. Baixa do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* Dar a baixa a B.D.C., con DNI n°***4885** e con expediente n.º 36008/02/002841– 63624, no Servizo de axuda no fogar, por falecemento do usuario.

Data de efectos da baixa: 29 de febreiro de 2020.

Expediente 1551/2020. Proposta da alcaldía para solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2020) Liña II (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Vista a proposta de data 16.03.2020 da alcaldía, referente á solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2020) Liña II, que é como segue:

"Publicadas no BOP n° 1 de data do 02.01.2020, as bases reguladoras e convocatoria do Plan de obras e servizos (Plan concellos) 2020 da Deputación Provincial de Pontevedra.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AWEXYXE5KNGNHK7993RH2FQGT | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 13



Concello de Cangas

Tendo en conta a comunicación da Deputación da contía total de dito plan a este Concello é de un millón setenta e sete mil cento sesenta e un euros con sesenta e sete céntimos (1.077.161,67 €), para as tres liñas e a ter en conta as porcentaxes indicadas nas bases de publicación, á Liña II correspóndelle o 7,11% do importe total.

Vista a memoria redactada para "TRATAMENTO DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS", cun importe total de setenta e seis mil cincocentos oitenta e cinco euros con noventa e nove céntimos (76.585,99 €).

Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a memoria descritiva para "TRATAMENTO DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS", polo importe total de setenta e seis mil cincocentos oitenta e cinco euros con noventa e nove céntimos (76.585,99 €).

Segundo.- Solicitar axuda para a LIÑA II - Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes (tratamento de residuos sólidos urbanos), polo importe de setenta e seis mil cincocentos oitenta e cinco euros con noventa e nove céntimos (76.585,99 €).

Terceiro.- Declarar que o Concello de Cangas, para esta actuación que se inclúe na Liña II, non solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de resolucións da alcaldía de comunicacións previas de obras e actividades

A Xunta de Goberno Local queda informada dos seguintes decretos da alcaldía:

- Decreto nº 2020-0383 de data 04.03.2020.

- Decreto nº 2020-0418 de data 12.03.2020.

Dación de conta da concesión de axuda da Deputación de Pontevedra para "Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais" con cargo ao Plan Concellos 2020 - Liña III (Urxencia)

A Xunta de Goberno Local queda informada de escrito de data 16.03.2020 da concelleira de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural, referente a concesión de axuda da Deputación de Pontevedra para "Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais", con cargo ao Plan concellos 2020 - Liña III, que é como segue:

Concello de Cangas





Concello de Cangas

"Número de expediente: 7120/2019

Asunto: dar conta á Xunta de Goberno Local da concesión de axuda da Deputación de Pontevedra, para 'Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais', con cargo ao Plan concellos 2020-Liña III.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 6 de marzo de 2020, adoptou, entre outros, aprobar a concesión de subvención a este Concello, polo importe de douscentos corenta e dous mil catrocentos sesenta e nove euros (242.469,00 €), para a contratación de vinte e sete (27) persoas, polo período de seis meses e relacionadas coas seguintes ocupacións:

- Un/Unha (1) Aux. administrativo/administrativa: código 43091029 , - Un/Unha (1) Conductor/conductora camión con permiso de conducir C: código 84321042 , - Dous/Dúas (2) técnicos/técnicas de protección civil: código 59991036, - Dous (2) Conserxe: código 58331022 , - Un/Unha (1) oficial albanel: código 71211015, - Un/Unha (1) Peón electricista: código 75211071, - Tres (3) Peóns xardineiro/xardineira: código 61201028, - Nove (9) Peóns agrícolas: código 61101124, - Sete (7) Peóns varredores: código 94431016, Esta contratación, en caso de ser aprobada, realizarase por un período máximo de 6 meses, a xornada completa.

As persoas interesadas en participar no proceso de selección deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, como demandantes non ocupadas e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato".

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castela, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AWEXYXE5KNGNHK7993RH2FQGT | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 13